

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 27 de febreiro de 2006

SEÑORES/AS ASISTENTES:

NON ASISTE

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucia Molares Pérez
D. José Manuel Iglesias Carrera
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D^a. Soledad Polo Lima
D. Carlos Comesaña Abalde
D. Antonio Coello Bufill
D^a. Marta Iglesias Bueno

D. Javier Jorge Guerra Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás quince horas e vintecinco minutos do día vinte sete de febreiro de dous mil seis e baixo a presidencia da Excma. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o concelleiro Sr. Couto Pérez, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(64).- ACTAS ANTERIORES. Apróbase a acta da sesión do 13 de febreiro de 2006. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(65).- SUBVENCIÓN Á FUNDACIÓN CASA DE CARIDAD DE VIGO-COMEDOR DE LA ESPERANZA PARA AXUDAS NAS TAREFAS DO COMEDOR. EXPTE. 2841/101

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe-proposta do xefe de Relacións Públicas e Protocolo, do 31.01.06, conformado polo concelleiro da Área de Xestión Municipal, polo Interventor Xeral e co conforme xurídico de técnico de Admón. Local, a Xunta de Goberno Local acorda:

Conceder á Fundación Casa de Caridad de Vigo-Comedor de la Esperanza unha subvención por unha contía de 6.000 € en concepto de axuda para a contratación de persoal para axuda do

Comedor da Esperanza durante o presente ano, e isto con cargo á partida 1110 4890002 (Subvencións por razóns humanitarias, e sociais) do vixente presuposto prorrogado.

3(66).-PRESTACIÓN DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR A MARÍA DOMÍNGUEZ DOMÍNGUEZ: ALTA EXPTE. 22/1417.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de sector de Acción Social , conformaso pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación de Servicio de Axuda no Fogar a D^a María Domínguez Domínguez

4(67).-AUTORIZAR O GASTO DE 30.000 € A FAVOR DA SOCIEDADE GENERAL DE AUTORES Y EDITORES (SGAE) EN CONCEPTOS DE DEREITOS DE AUTOR DERIVADOS DA PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE CULTURA PARA O ANO 2006. EXPTE. 3299/306.

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe do xefe do Departamento de Cultura e do técnico de actividades culturais, do 8.02.06 e conformado polo concelleiro-delegado da Área de Auntos Sociais e polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar un gasto de 30.000 € (trinta mil euros) a favor de Sociedad Genral de Autories y Editores (SGAE), con CIF: G-28029643, para atender as previsións de pagamentos en concepto de dereitos de autor derivados da programación do departamento de Cultura da Concellaría de Asuntos Sociais para o ano 2006, con cargo á partida 4510.226.08.03 (programa de música, teatro e danza), do presuposto municipal prorrogado para o ano 2006.

2º.- Facultar ao concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais para asinar coa antedita entidade os contratos de autorización de espectáculos e as correspondentes liquidacións de dereitos.

5(68).-RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR NEMOMANIA S.L. CONTRA O ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 07.11.05 NO QUE SE RESOLVIA O PROCEDIMENTO SANCIONADOR Nº 3299/306/205. EXPTE. 3299/305/05.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da instructora do procedemento sancionador por contaminación acústica contra o establecemento, café bar con música sen pista de baile, denominado Nemomanía S.L., sito na rúa Areal nº 20-baixo, Vigo, que di o seguinte:

Visto o expediente sancionador núm. 3299/306/2005, resultan relevantes os seguintes

FEITOS:

1.- A Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada en data 13 de xuño de 2005, acordou incoar o procedemento sancionador núm. 3299/306/2005 contra a entidade “Nemomanía, S.L.” pola presunta comisión de tres infraccións graves (as relativas ás medicións de datas 24/03/2005, 25/03/2005, 24/04/2005-piso 2º) e dúas moi graves (24/04/2005-piso 1º, 30/04/2005) en materia de protección contra a contaminación acústica

segundo exposto nos artigos 40.a) e 41.a) da Ordenanza Municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruidos e vibracións, publicada no B.O.P núm. 198, de 16 de outubro de 2000.

2.- O procedemento tramitouse de acordo co previsto para o exercicio da potestade sancionadora na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, no Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento para o exercicio da potestade sancionadora e no Manual de Procedementos do Concello de Vigo para a medición de ruidos e vibracións.

3.- A Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada en data 07 de novembro de 2005, acordaba resolver o procedemento sancionador impondo á sociedade mercantil “Nemomanía, S.L”, con CIF nº B-36.925.030, a sanción de multa de 9.015, 19 euros e mais a paralización total da actividade no local, sito na rúa Areal, nº 20-baixo, durante o prazo de seis meses e un día.

4.- Con data 03 de decembro de 2005, notificouse a “Nemomanía, S.L” o acordo sancionador da Xunta de Goberno Local, de data 07 de novembro de 2005, polo que se resolvía o procedemento sancionador núm. 3299/306/2005.

5.- Con rexistro de entrada de data 13/12/2005, documento nº 50196569, “Nemomanía, S.L” interpoñía recurso de reposición contra o acordo sancionador da Xunta de Goberno Local de 07/11/2005.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

I.- ASPECTOS FORMAIS OU PROCEDIMENTAIS:

I.1.- Non cabe apreciar a caducidade do procedemento sancionador.

O procedemento sancionador nº 3299/306/205 resolveuse e notificouse a “Nemomanía, S.L”, dentro do prazo legalmente establecido, segundo o exposto no artigo 20.6 do RD 1398/1993, de 4 de agosto, en relación co art 44.2 da LRXPAC 30/1992. Non se pode estimar a alegación de caducidade do procedemento sancionador, que se alega no recurso de reposición interposto por “Nemomanía, S.L”, por canto a notificación do acordo resolutorio da Xunta de Goberno Local de data 07/11/2005, realizouse antes de transcurrir o prazo de seis meses previsto no R.D 1398/1993, notificouse en data 03/12/2005 cando o procedemento non caducaba ata o 13/12/2005.

I.2.- Non se aprecia nulidade do procedemento, nin anulabilidade, nin cabe falar de indefensión da entidade sancionada, tal e como manifesta a entidade mercantil, posto que o procedemento seguiu a tramitación legalmente establecida e o denunciado presentou todas as alegacións e documentacións que estimou oportunas en defensa dos seus dereitos e intereses lexítimos.

Por outra banda, a proba proposta polo denunciado, “a práctica dunha medición de contraste e a constatación pola policía local da existencia do precinto ó equipo de música para 75 dB(A)”, rexeitouse de forma motivada por ser improcedente, xa que pola súa relación cos feitos non alteraría a resolución final do procedemento sancionador, segundo o exposto no art. 137.4 da LRXPAC 30/1992.

A entidade “Nemomanía, S.L” alegaba que “unicamente por medio de la práctica de una medición de contraste, en las oportunas condiciones de contradicción entre las partes y sin influencia de otros locales, se podría pretender que el local Nemo sea fuente del nivel de ruidos superior al permitido por la Ordenanza”, polo que solicitaba en proba a práctica desa medición de contraste e que se constate pola policía a existencia de precinto ó equipo de música para 75 dB(A). Dita proba rexeitouse de forma motivada e así no fundamento de dereito 3.F-B do acordo da Xunta de Goberno Local, de data 07/11/2005, decíase expresamente:

Ap. 3.F) “..... A proba proposta pola entidade mercantil “Nemomanía, S.L” rexeitase, de acordo co disposto no art. 17.2 do R.D 1398/1993 e 137.4 da LRXPAC 30/1992, por ser improcedente, xa que a súa relación cos feitos expostos e sancionables non pode alterar a resolución final deste procedemento. A

realización dunha medición de contraste, neste momento procesual, tal e como solicita a parte, non demostraría que con datas 24/03/05, 25/03/05, 24/04/05 e 30/04/05 non se producisen as infraccións que agora se sancionan. Asemade, constan incorporadas ó expediente novas medicións positivas de contaminación acústica realizadas pola policía local en datas 25/06/05, 03/07/05, 11/09/05, 18/09/2005 e 25/09/2005.

Tamén destacar, as medicións positivas realizadas pola empresa homologada “G.O.C, S.A”, por encargo do Valedor do Cidadán, que gozan dunha absoluta imparcialidade e obxectividade, na madrugada do día 17 ó 18 de xuño de 2005 (constan nos folios 95 a 190 do expte).”

Ap. 3.B)“.....A entidade “Nemomanía, S.L” manifesta, no seu escrito de alegacións de data 06/10/2005, “ser a única interesada en coñecer a realidade dos feitos”, e solicita a práctica dunha medición de contraste para descartar que o ruído proceda do seu local e así acreditar que procede dos demais locais sitios na rúa Areal. Enténdese por esta Administración que tan interesada non debía estar a Sociedade Nemomanía cando, en reiteradas ocasións, negouse a apagar a música do seu local como se lle ordenaba polos axentes da policía local co obxecto de medir o ruído de fondo. Para medir dito ruído e poder realizar a corrección do nivel de ruído pola influencia do ruído de fondo, segundo establece o apartado 7.2 do Manual, a actividade ruidosa debe estar parada.O responsable do local Nemomanía negouse a apagar a música, tal e como lle ordenaban os axentes da policía local, en reiteradas ocasións: Negouse os días 02/04/2005, 24/04/2005 e 18/09/2005. Non colaborou cos axentes no labor inspectora, feito o da OBSTRUCCIÓN DO LABOR INSPECTORA que podería cualificarse como infracción grave con arreglo ó previsto no art. 40.d) da Ordenanza de Ruidos.Incomprensiblemente solicita que se practique unha medición de contraste cómo, cando e do modo que el quere. Esquece que o ruído de fondo debe medirse no momento en que se produce a infracción, para facer así a oportuna corrección, tal e como se lle advertiu en reiteradas ocasións. Non cabe aludir a suposta indefensión cando o denunciado incumpriu os requirimentos dos axentes, polo que toda a responsabilidade recae sobre a súa persoa. Soamente nunha ocasión o responsable do Nemomanía colaborou apagando a música do seu local, podéndose medir o ruído de fondo, medición de data 03/07/2005, e debe destacarse que dita medición supera dabondo os niveis permitidos, constituíndo unha infracción grave.”

Polo exposto, non cabe falar de indefensión posto que o interesado coñeceu a totalidade das actuacións realizadas pola instructora, así como os informes recabados por ésta ó longo da tramitación do procedemento sancionador. Deuselle traslado coa proposta de resolución, á que en tempo e forma realizou as alegacións que estimou oportunas.

II.- ASPECTOS REFERIDOS Ó FONDO DO ASUNTO:

II.1.- O feito de contar o local denunciado con licenza de actividade, non o exime de responsabilidade. Precisamente por contar con licenza de actividade para café-bar con música, sen pista de baile, este procedemento sancionador nº 3299/306/2005 tramitouse no servizo de medio ambiente, segundo o previsto no punto 4.a) do manual de procedementos do Concello de Vigo (páx. 13 do B.O.P de 16/18/2000).

Alega a entidade “Nemomanía, S.L”, que polo mero feito de contar o local con licenza de actividade para café-bar con música sen pista de baile, concedida pola Xunta de Goberno Local en data 14/03/2005, non é posible que o ruído, constatado nas cinco medicións sonométricas que serviron de base para incoa-lo procedemento sancionador nº 3299/306, proceda do seu local, sito no baixo do nº 20 da rúa Areal.

Esta alegación non pode ser estimada por canto ós dez días de concederse a licenza de actividade comezan os problemas de ruído, así a primeira infracción cométese o día 24 de marzo de 2005. A partir da apertura do local “Nemomanía” son continuas as denuncias dos veciños residentes no nº 20 da rúa Areal, denuncias acompañadas das consecuentes medicións sonométricas realizadas pola Policía local.

A entidade “Nemomanía, S.L” alegou durante a tramitación do procedemento sancionador ter instalado un limitador de sonido, precintado polo Concello de Vigo, a un nivel máximo de 75 dB(A). Non obstante, debe terse en conta, que técnicamente é posible manipular un limitador de sonido ou engadir accesorios adicionais, sen que dita afirmación implique unha imputación desta acción á entidade sancionada.

O feito de contar o local denunciado con licenza de actividade, non o exime de responsabilidade. Precisamente por contar con licenza de actividade para café-bar con música sen pista de baile, este procedemento sancionador nº 3299/306/2005 tramitouse no Servizo de Medio Ambiente, segundo o previsto no punto 4.a) do Manual de Procedementos do Concello de Vigo (páx. 13 do B.O.P de 16/18/2000).

En caso contrario, se o local desenvolvese a súa actividade sen contar coa preceptiva licenza de actividade, teríase tramitado no Servizo de Disciplina Urbanística procedemento de protección da legalidade urbanística, segundo o exposto no art. 211 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

Asemade, actualmente o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo coñece do RCA nº 177/2005 (P.O), interposto por Don Germán Arteta Torres e outros contra a licenza de actividade de café-bar con música, sen pista de baile, a favor de “Nemomanía, S.L”, concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de 14/03/2005.

II.2.- Con relación ó suposto ruído de fondo, cabe informar:

Que o acordo da Xunta de Goberno Local, de data 07/11/2005, declarou probadas e sancionou, aplicando o principio de proporcionalidade, cinco infraccións administrativas, ás relativas ás seguintes medicións sonométricas:

- Quedou probado que con data 24 de marzo de 2005, entre as 01:35 e 01:50 horas, o local de ocio NEMOMANÍA superou en 10,06 dB(A) o nivel máximo de ruído permitido, feito constatado no parte de medición sonométrica realizada pola Policía Local desde a vivenda de D.Germán Arteta Torres, sita no piso 2º do inmoble núm. 20 da rúa Areal, medición efectuada mediante sonómetro “Bruel&Kjaer nº serie 2015128-nº 01”, que foi obxecto da correspondente verificación periódica, segundo consta no expediente. Este feito constitúe unha infracción grave segundo os artigos 14.a) da Lei Autonómica 7/1997, de 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica e 40.a) da Ordenanza Municipal.
- Quedou probado que con data 25 de marzo de 2005, entre as 03:25 e 03:40 horas, o local de ocio NEMOMANÍA superou en 14,6 dB(A) o nivel máximo de ruído permitido, feito constatado no parte de medición sonométrica realizada pola Policía Local desde a vivenda de Dª Juana Nuño Blanco, sita no piso 1º do inmoble núm. 20 da rúa Areal, medición efectuada mediante sonómetro “Bruel&Kjaer nº serie 2015136-nº 02”, que foi obxecto da correspondente verificación periódica, segundo consta no expediente. Este feito constitúe unha infracción grave segundo os artigos 14.a) da Lei Autonómica 7/1997, de 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica e 40.a) da Ordenanza Municipal.
- Quedou probado que con data 24 de abril de 2005, entre as 02:30 e 02:45 horas, o local de ocio NEMOMANÍA superou en 18 dB(A) o nivel máximo de ruído permitido, feito constatado no parte de medición sonométrica realizada pola Policía Local desde a vivenda de Dª Juana Nuño Blanco, sita no piso 1º do inmoble núm. 20 da rúa Areal, medición efectuada mediante sonómetro “Bruel&Kjaer nº serie 2015128-nº 01”, que foi obxecto da correspondente verificación periódica, segundo consta no expediente. Este feito constitúe unha infracción moi grave segundo os artigos 15.a) da Lei Autonómica 7/1997, de 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica e 41.a) da Ordenanza Municipal.
- Quedou probado que con data 24 de abril de 2005, entre as 02:15 e 02:30 horas, o local de ocio NEMOMANÍA superou en 10,86 dB(A) o nivel máximo de ruído permitido, feito constatado no parte de medición sonométrica realizada pola Policía Local desde a vivenda de D.Germán Arteta Torres, sita no piso 2º do inmoble núm. 20 da rúa Areal, medición efectuada mediante sonómetro “Bruel&Kjaer nº serie 2015128-nº 01”, que foi obxecto da correspondente verificación periódica, segundo consta no expediente. Este feito constitúe unha infracción gravesegundo os artigos 14.a) da Lei Autonómica 7/1997, de 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica e 40.a) da Ordenanza Municipal.
- Quedou probado que con data 30 de abril de 2005, entre as 03:15 e 03:40 horas, o local de ocio NEMOMANÍA superou en 21 dB(A) o nivel máximo de ruído permitido, feito constatado no parte de medición sonométrica realizada pola Policía Local desde a vivenda de Dª Juana Nuño Blanco, sita no

pisos 1º do inmoble núm. 20 da rúa Areal, medición efectuada mediante sonómetro “Bruel&Kjaer nº serie 2015136-nº 02”, que foi obxecto da correspondente verificación periódica, segundo consta no expediente. Este feito constitúe unha infracción moi grave segundo os artigos 15.a) da Lei Autonómica 7/1997, de 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica e 41.a) da Ordenanza Municipal.

As cinco medicións sonométricas de datas 24/03/2005, 25/03/2005, dúas do 24/04/2005 e 30/04/2005, realizadas por axentes da policía local, que son obxecto de sanción neste procedemento, realizáronse con arreglo ó Manual de Procedementos do Concello para medición do ruído con todas as garantías procedimentais necesarias. De acordo co disposto no ap. 7.1 do Manual, a corrección por ruído de fondo tan só debe efectuarse “se durante a medición de calquera dos niveis de ruído se observase a existencia de ruído alleo á fonte sonora obxecto da medición e se estimase que dito ruído puidese afectar ó resultado da mesma”.

Realízanse as seguintes consideracións con respecto ás medicións de datas (que son obxecto de sanción):

- Medición de 24/03/2005: Debe destacarse que non existía ruído alleo á fonte sonora cando realizan esta medición, segundo informan os axentes da policía local, que non influíron na medición outros locais próximos, que o local de música colindante ó Nemomanía –denominado “Garaxe Torroso”- atopábase pechado, que o tráfico da rúa Areal era moi escaso e que había poucos peóns na zona. Tráese a colación o parte de medición sonométrica e o parte de servizo de data 24/03/05 (folios 1-2-3 do expte), e mais a acta de comparecencia dos axentes actuantes de 08/09/2005 (folios 308 e 309). Deste xeito, posto que os axentes actuantes non aprecian a existencia de ruído de fondo ó realizar a medición non se efectúa a corrección por ruído de fondo, de acordo co disposto no ap. 7.1 do Manual (BOP 16/10/2000).
- Medición de 25/03/2005: Debe destacarse que non existía ruído alleo á fonte sonora cando realizan esta medición. Deste xeito, posto que os axentes actuantes non aprecian a existencia de ruído de fondo ó realizar a medición non se efectúa a corrección por ruído de fondo, de acordo co disposto no ap. 7.1 do Manual.
- Medicións de 24/04/2005: Debe destacarse que non existía ruído alleo á fonte sonora cando realizan estas dúas medicións, desde o primeiro e segundo piso do nº 20 da rúa Areal, segundo informan os axentes da policía local, que non influíron nas medicións outros locais próximos, que o local de música colindante ó Nemomanía –denominado “Garaxe Torroso”- atopábase pechado, que o tráfico da rúa Areal era moi escaso e que había poucos peóns na zona. Tráense a colación os partes de medicións sonométricas e o parte de servizo de datas 24/04/05 (folios 16-17-30 do expte), e mais a acta de comparecencia de 08/09/2005 (folios 308 e 309). Pese a non apreciar a existencia de ruído de fondo, os axentes da Policía local, con carné nº 334 e 214, ordenaron ó responsable do local, Don Fabián Torres Figueroa, que apagase a música do local para poder medir o ruído de fondo e así eliminar calquera mínima dúbida. Consta no parte de servizo da policía local de data 24/04/2005 (folio 17), que o responsable do Nemomanía negouse a apagar a música do seu local, en reiteradas ocasións, tal e como se lle ordenaba polos axentes da policía local, sendo así imposible medir o mesmo posto que debe medirse coa actividade ruidosa paralizada.
- Medición de data 30/04/2005: Debe destacarse que non existía ruído alleo á fonte sonora cando realizan esta medición, segundo informan os axentes da policía local, que non influíron na medición outros locais próximos, que o local de música colindante ó Nemomanía –denominado “Garaxe Torroso”- atopábase pechado, que o tráfico da rúa Areal era moi escaso e que había poucos peóns na zona. Tráese a colación o parte de medición sonométrica de data 30/04/05 (folio 27 do expte), e mais a acta de comparecencia de 08/09/2005 (folios 308 e 309). No parte de medición de ruidos os axentes actuantes manifestan que “...se localiza el foco emisor de ruidos en el bajo del inmueble objeto de la medición oyéndose nitidamente el murmullo de la gente así como la vibración del piso”.

En calquera caso, a sanción imponse á entidade “Nemomanía, S.L” por comisión de infracción moi grave, no seu grado mínimo, sanción de multa de 9.015,19 euros e paralización da actividade por un espazo de tempo de seis meses e un día, segundo establecen os artigos 16.1.c) da Lei 7/1997, de 11 de agosto, e 42.c) da

Ordenanza municipal de ruidos e vibracións e consonte ó artigo 131.3.a) da LXPAC 30/1992, de 26 de novembro, atendendo ó principio de proporcionalidade.

EN TODO CASO, DEBE TERSE EN CONTA QUE CON DATA 24/04/2005, COMETEUSE UNHA INFRACCIÓN MOI GRAVE, E O RESPONSABLE DO LOCAL “NEMOMANÍA” NEGHOUSE A APAGAR A MÚSICA DO SEU LOCAL, TAL E COMO SE LLE ORDENABA POLOS AXENTES DA POLICÍA LOCAL CO OBXECTO DE MEDIR O RUIDO DE FONDO.

Así para medir dito ruído e poder realizar a corrección do nivel de ruído pola influencia do ruído de fondo, segundo establece o apartado 7.2 do Manual, a actividade ruidosa debe estar parada.

O responsable do local Nemomanía negouse a apagar a música, tal e como lle ordenaban os axentes da policía local, en reiteradas ocasións: negouse os días 02/04/2005, 24/04/2005 e 18/09/2005. Non colaborou cos axentes no labor inspectora, feito o da obstrución do labor inspectora que podería cualificarse como infracción grave con arreglo ó previsto no art. 40.d) da Ordenanza Municipal de ruidos.

Incomprensiblemente solicitou que se practicase unha medición de contraste cómo, cando e do modo que él quería. Esquece que o ruído de fondo debe medirse no momento en que se produce a infracción, para facer así a oportuna corrección, no seu caso, tal e como se lle advertiu en reiteradas ocasións. Non cabe aludir a suposta indefensión, non cabe aludir ó ruído de fondo non medido, cando o denunciado incumpriu reiteradamente os requirimentos dos axentes, polo que toda a responsabilidade recae sobre a súa persoa posto que él mesmo impediu a súa medición.

Soamente nunha ocasión o responsable do Nemomanía colaborou apagando a música do seu local, podéndose medir o ruído de fondo, medición de data 03/07/2005, e debe destacarse que dita medición supera dabondo os niveis permitidos, constituíndo unha infracción grave.

II.3.- Alega a entidade mercantil que o seu local atópase nunha “zona declarada acusticamente saturada” e fai alusión a diversa prensa local, donde se alude a un informe que establece a media de decibelios nocturnos externos en 66,3 dB(A).

Debe puntualizarse que ditas zonas da cidade non están declaradas “zonas acusticamente saturadas” por este Concello, a día de hoxe. O Concello de Vigo soamente contratou unha asistencia técnica para medir o ruído exterior en determinadas rúas da cidade, entre as que se atopa a rúa Areal. O informe ó que se alude na prensa local é dita asistencia técnica. Non obstante, deberá ser validado pola Corporación, no seu caso.

Deste xeito incoarase, previo informe-proposta, no seu caso, un procedemento para poder declarar determinadas zonas da cidade acusticamente saturadas, que pasa pola aprobación inicial plenaria, información pública, presentación e resolución de alegacións polos interesados e aprobación definitiva polo pleno declarando a zona saturada. Mentres no se aprobe dito acordo plenario, no seu caso, non podemos falar de zonas acusticamente saturadas.

O obxecto de dita declaración é reducir o ruído na zona coa adopción de determinadas medidas correctoras pero, en todo caso, dita declaración é limitada no tempo en tanto non se acaden os niveis de ruído dexesados. Así, o informe aludido, a día de hoxe, non ten valor xurídico nin virtualidade para esta Administración.

Non obstante, diremos que a entidade “Nemomanía” coas continuas infraccións de ruído que produce é responsable de que se cheguen a estes niveis tan altos de ruído no ámbito exterior.

En mérito dos feitos e fundamentos de dereito expostos, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte. ACORDO:

PRIMEIRO: Desestimar o recurso de reposición que con rexistro de entrada de data 13/12/2005, documento nº 50196569, interpoñía a entidade mercantil “Nemomanía, S.L” contra o acordo sancionador da Xunta de Goberno Local de data 07 de novembro de 2005.

SEGUNDO: Notificar o presente acordo á Xefatura da Policía Local e demais interesados nos termos previstos no artigo 58.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

Acordo

A Xunta de Goberno local, coa abstención do concelleiro Sr. Figueroa Vila, aproba a proposta contida no precedente informe.

6(69).-DEVOLUCIÓN DE AVAL Á COMUNIDADE DE PROPIETARIOS GROVE 2 CONSTITUÍDO POR RESERVA ESPECIAL DE VÍA PÚBLICA POR OBRA. EXPTE. 71939/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 17.02.06, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servicios da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 23 de agosto de 2005 pola COMUNIDADE DE PROPIETARIOS GROVE, 2, con CIF H-36775829, por un importe de 1.500 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa GROVE, 2, por non producirse danos.

7(70).-REVISIÓN DE TARIFAS DO APARCAMENTO SUBTERRANEO DA RÚA URZAIZ. EXPTE. 17658/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 7.02.05, conformado polo interventor xeral, que di o seguinte:

D. Eloy García Alvariza, en nome e representación da entidade “Eloymar y Tranvías Electricos”, U.T.E.”, adxudicataria da concesión de dominio público para a elaboración do proxecto de construción e explotación dos aparcamento subterráneo na rúa Urzaiz, mediante escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello, nº de doc. 50141028, en data 3 de febreiro de 2006, solicita a revisión das tarifas que se están aplicando polo utilización de dito aparcamento.

A posibilidade de revisión de tarifas, obxecto da presente solicitude, aparece recollida na cláusula IX do prego de cláusulas administrativas que rexeron a adxudicación de dita concesión, manifestando que dita revisión poderase aplicar a partir do transcurso do primeir ano da posta en funcionamento e sucesivos, conforme ás variacións do IPC do periodo anual inmediato ó anterior.

Segundo documentación que se acompaña, as tarifas que na anualidade anterior – 2005-, estiveron vixentes no aparcamento da rúa Urzaiz, foron de 1,25 euros cada hora ou fracción, tendo en conta que o incremento do Índice de Prezos ó Consumo perante o ano 2005 foi dun 3,7%, resulta que as tarifas revisadas para o ano 2006 ascenden a 1,30 euros cada hora ou fracción.

Polo exposto, propónse a Xunta Local de Goberno, a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a revisión de Tarifas no aparcamento da rúa Urzaiz, adxudicado a entidade U.T.E. “Eloymar y Tranvías Electricos de Vigo”, a partir da data de aprobación do presente acordo, fixando dito incremento, segundo a variación do IPC no periodo decembro de 2004 a decembro de 2005 na porcentaxe dun 3,7 %, polo que no caso da tarifa horaria quedaria establecida na cantidade de 1,30 euros, quedando o resto das modalidades das tarifas que se xiran no aparcamento, modificadas na mesma proporción.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(71).-CESIÓN DE USO DO EDIFICIO Nº 2 DA RÚA CÁNOVAS DEL CASTILLO (PLANTAS 2, 3, 4 E BAIXO CUBERTA) AO ORGANISMO AUTÓNOMO PARQUES NACIONAIS PARA SEDE ADMINISTRATIVA DO P. N. DAS ILLAS ATLÁNTICAS. EXPTE. 17434/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 15.02.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e o concelleiro de Patrimonio, que di o seguinte:

Normativa de aplicación.

- *LRBRL (Lei 7/1985, de de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local).*
- *LPAAPP (Lei 33/2003, de 3 novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas).*
- *LRXAP e PAC (Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común).*
- *LALG (Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia).*
- *TRRL (R.D.L. 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de réxime local).*
- *RBEL (R.D.1372/1986, de 13 xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais).*

Antecedentes:

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local en sesión de 9 de decembro de 2005 acordou comunicar ao Parque Nacional das Illas Atlánticas a disposición do Concello da cesión provisional do edificio municipal sito na Praza do Berbes (adicado con anterioridade a Escola de Hostelería) para a instalación provisional da sede do Patronato das Illas Atlánticas, no caso de que o demandara unha necesidade inmediata e perentoria para súa instalación, e mentres non se acada a cesión do edificio Cambón a dito Organismo para sede do Patronato. Acordo notificado en data 22.12.2005.

Segundo.- Pola oficina do Inventario Municipal infórmase o 13.12.2005 sobre o devandito edificio e o seu estado actual, sinalando que a planta baixa atópase ocupada por unha oficina de Caixanova, a 1ª planta pola Asociación de Veciños do Casco Vello, e as plantas 2 á 4 e o baixo cuberta, onde se situaba a Escola de Hostelería na actualidade esta sen actividade.

Terceiro.- Pola dirección do O.A. do Parque Nacional, mediante fax remitido pola Alcaldía, en data 1.12.2005 xa se planteou a solicitude de cesión do edificio para a ubicación da sede provisional en tanto non se acondicionase a definitiva na cidade de Vigo.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- O concello é propietario do edificio denominado Berbès, sito na Rúa Cànovas del Castillo nº 2, que consta de alta no Inventario Municipal de Bens e dereitos no seu epígrafe 1 de bens inmóbeis co código de propiedade 000020 e coa natureza xurídica de servizo público, dunha superficie construída por planta de 161.00 m2, e distribuído en 6 plantas, atopándose na actualidade as plantas 2 á 4 e o baixo cuberta, onde se situaba a Escola de Hostelería sen actividade segundo resulta do informe da oficina do Inventario Municipal referido nos antecedentes.

Segundo.- O Organismo Autónomo Parques Nacionais, no que está integrado o P.N. das Illas Atlánticas, trala súa declaración como parque nacional marítimo-terrestre por Lei 15/2002 de 1 de xullo, é un organismo público administrativo, encargado do desenvolvemento e coordinación da planificación e xestión da Rede dos Parques Nacionais, creado por Real Decreto 1055/1995, e dependente do Ministerio de Medio Ambiente (Real Decreto 758/1996).

Terceiro.- A condición de entidade de dereito público que ten o Parque Nacional das Illas Atlánticas posibilita, en base ós principios de cooperación e colaboración que presiden as relacións entre administracións públicas no desenvolvemento e execución das súas respectivas competencias, directamente o de xeito consorciado, unha colaboración entre ámbalas dúas administracións, no marco xurídico previsto nas disposicións reguladoras do patrimonio das administracións públicas, que faga viábel a disposición dos medios necesarios para acadar os fins para o que se constituíu. (art. 6.g e art. 183 LPAAPP).

Cuarto.- A natureza demanial co que figura rexistrada no inventario de bens a propiedade municipal, aínda que non responda na actualidade a unha adscripción ou afectación a servizo público ningún, nin consta que o tivese estado nos últimos anos, require, en atención a dita calificación e no intre de que non se axusten os datos do rexistro à realidade do destino, a suxeición do mesmo ó réxime xurídico propio dos bens integrantes do demanio público (art. 5.4 da LPAAPP).

Quinto.- Conseqüentemente, no presente caso, a utilización polo organismo autónomo interesado, do local municipal, precisa a obtención previa da correspondente autorización administrativa para o aproveitamento e uso dos bens de natureza demanial, título habilitante a outorgar polo procedemento e nas condicións previstas na normativa reguladora do patrimonio das AAPP. (art. 84 LPAAPP)

Neste ámbito xurídico, establécese no art. 90.1 a posibilidade do outorgamento da autorización do uso sobre bens afectos ou adscritos, a prol de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, para o cumprimento esporádico ou temporal de fins ou funcións públicas, por un prazo de 4 anos, prorrogables por igual prazo. Norma que, aínda non sendo de aplicación xeral a todas as Administracións Públicas, a teor do sinalado na disposición final segunda, en relación ó art. 2.2 da devandita Lei, son de aplicación subsidiaria ás entidades locais naquilo non previsto nas normas básicas reguladoras do seu patrimonio.

Por outra banda, contéplase a posibilidade do outorgamento directo destas, tanto no que atinxe as autorizacións administrativas (art.92) como no suposto das concesións demaniais (art.93.1), neste último caso, en relación co disposto no art.137.4.a) que o exceptiona do réxime xeral da concorrencia, cando o destinatario da cesión é unha entidade de dereito público, como resulta no presente caso o organismo autónomo dos parques nacionais (pertencente a administración do estado), e para adicalo a fins públicos (sede administrativa do organismo).

Sexto.- A autorización administrativa outórgase baixo as condicións xerais previstas na normativa legal reguladora do patrimonio das administracións públicas, e as particulares seguintes:

1º.- A autorización limitarase ó dereito ó uso das plantas 2ª, 3ª, 4ª e baixo cuberta do edificio denominado Berbès, sito na Rúa Canovas del Castillo nº 2 desta cidade, non supoñendo, en ningún caso, cesión do dominio público nin de facultades dominicais sobre o inmóbel.

2º.- A autorización outórgase a título gratuito e co único fin de ser adicada, pola entidade usuaria, a sede provisional desta e das actividades que lle sexan propias, con exclusión expresa de calquera outro uso ou finalidade.

3º.- O prazo da autorización fíxase en catro anos.

4º.- A autorización ten carácter persoal, non sendo transmisíbel a terceiros, nin susceptíbel da constitución ou establecemento na mesma de carga ou gravame ningún.

5º.- O Concello resérvase a facultade da revogación unilateral da autorización, en calquera momento, cun preaviso de seis meses, por razóns de interese público, sen que se xere dereito indemnizatorio ningún a favor da usuaria polo devandito acto.

6º.- Será de conta da entidade usuaria a responsabilidade civil ou patrimonial que resulte da ocupación, polos danos que poida causar a terceiros o á propiedade municipal, na súa condición de usuario.

7º.- Serán por conta, así mesmo, da entidade usuaria:

- Os gastos de mantemento e conservación do inmovible cedido.
- Os gastos pola subministración de auga, electricidade, teléfono e demais servizos de uso exclusivo desta.
- Os gastos xerais do edificio, na cuota de participación correspondente.
- O aboamento das taxas e tributos que correspondan pola ocupación do inmovible.

8º.- As obras de adaptación, reparación e mellora que se executen, serán por conta exclusiva da entidade cesionaria, requirindo a presentación previa dunha memoria ou proxecto e a súa aprobación polo concelleiro delegado de Patrimonio, sen prexuízo das demais autorizacións ou licenzas que sexan preceptivas. En todos os casos, os gastos investidos quedarán en beneficio do inmóbel sen dereito ningún ó seu reembolso por esta administración.

9º.- A administración autorizante resérvase a facultade de inspeccionar en calquera momento o ben obxecto da autorización, para comprobar o cumprimento dos termos nos que foi outorgada, poidendo dictar as instrucións e ordes pertinentes para o bo estado de conservación e mantemento do mesmo.

10º.- Son causas de extinción da autorización, ademais das xerais previstas nas leis:

- Polo transcurso do prazo outorgado.
- A adicación do local á usos ou fins distintos aos autorizados.
- Dispoñer o P.N. das Illas Atlánticas dunha nova sede.
- A revogación unilateral acordada polo Concello ou o desestimento ou renuncia do Organismo cesionario.

Sétimo.- Resulta competente para o outorgamento da autorización administrativa do uso do devandito local, nas condicións que se sinalan na proposta que de seguido se formula, a Xunta de Goberno Local de conformidade co disposto no artigo 127.1f da Lei 7/1985, reguladora de Bases de Réxime Local.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte acordo:...”

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe, acorda:

Primeiro.- Declarar como non necesario aos servizos municipais, as plantas 2ª, 3ª, 4ª e baixo cuberta do edificio denominado Berbes, sito na Rúa Cánovas del Castillo nº 2 desta cidade de Vigo, de propiedade municipal.

Segundo.- Autorizar, ao Organismo Autónomo Parques Nacionais, o seu uso temporal como sede provisional do Parque Nacional das Illas Atlánticas.

Terceiro.- A autorización outórgase nas seguintes condicións:

1º.- A autorización limitárase ao dereito ao uso das plantas 2ª, 3ª, 4ª e baixo cuberta do edificio denominado Berbes, sito na Rúa Cánovas del Castillo nº 2 desta cidade, non supoñendo, en ningún caso, cesión do dominio público nin de facultades dominicais sobre o inmóbel.

2º.- A autorización outórgase a título gratuito e co único fin de ser adicada, pola entidade usuaria, a sede provisional desta e das actividades que lle sexan propias, con exclusión expresa de calquera outro uso ou finalidade.

3º.- O prazo da autorización fíxase en catro anos.

4º.- A autorización ten carácter persoal, non sendo transmisíbel a terceiros, nin susceptíbel da constitución ou establecemento na mesma de carga ou gravame ningún.

5º.- O Concello resérvase a facultade da revogación unilateral da autorización, en calquera momento, cun preaviso de seis meses, por razóns de interese público, sen que se xere dereito indemnizatorio ningún a favor da usuaria polo devandito acto.

6º.- Sera de conta da entidade usuaria a responsabilidade civil ou patrimonial que resulte da ocupación, polos danos que poida causar a terceiros o a propiedade municipal, na súa condición de usuario.

7º.- Serán por conta, así mesmo, da entidade usuaria:

- Os gastos de mantemento e conservación do inmovible cedido.
- Os gastos pola subministración de auga, electricidade, teléfono e demais servizos de uso exclusivo desta.
- Os gastos xerais do edificio, na cuota de participación correspondente.

➤ O aboamento das taxas e tributos que correspondan pola ocupación do inmoible.

8º.- As obras de adaptación, reparación e mellora que se executen, serán por conta exclusiva da entidade cesionaria, requirindo a presentación previa dunha memoria ou proxecto e a súa aprobación polo concelleiro delegado de Patrimonio, sen prexuízo das demais autorizacións ou licenzas que sexan preceptivas. En todos os casos, os gastos investidos quedarán en beneficio do inmóbel sen dereito ningún ó seu reembolso por esta administración.

9º.- A administración autorizante resérvase a facultade de inspeccionar en calquera momento o ben obxecto da autorización, para comprobar o cumprimento dos termos nos que foi outorgada, poidendo dictar as instrucións e ordes pertinentes para o bo estado de conservación e mantemento do mesmo.

10º.- Son causas de extinción da autorización, ademais das xerais previstas nas leis:

- Polo transcurso do prazo outorgado.
- A adicación do local a usos ou fins distintos ós autorizados.
- Dispoñer o P.N. das Illas Atlánticas dunha nova sede.
- A revocación unilateral acordada polo Concello ou o desistimento ou renuncia do Organismo cesionario.

Cuarto.- A presente autorización, formalizarase en documento administrativo, no prazo dos trinta días seguintes á data da súa notificación á entidade autorizada.

9(72).-ALTERACIÓN DE NATUREZA XURÍDICA DO LOCAL SITO NO Nº 141 DA RÚA ARAGÓN. EXPTE. 15477/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 13.02.06, conformado pola xefa de Réxime Interior e o concelleiro-delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

Antecedentes

Primeiro.- O Pleno do concello, en sesión do 21 de decembro de 2001, acordou incoar expediente de desafectación ó servizo educativo do local sito no nº141 da rúa Aragón, ó non destinarse na actualidade a dito servizo segundo resulta do informado pola directora da E.I. Carmen Giraldez.

Segundo.- Interesada a Consellería de Educación da Xunta de Galicia o outorgamento da autorización correspondente para a desafectación ó uso educativo do devandito local, na súa condición de Administración xestionante do servizo no ámbito da Comunidade, tal e como se recolle na disposición decimosétima , parágrafo 1º da Lei Orgánica 1/1999 de Ordenación Xeral do Servizo Educativo, foi outorgada esta mediante Resolución da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa de data 01.02.2006.

Fundamentos Xurídicos:

Primeiro.- A posibilidade de alteración polas entidades locais da cualificación xurídica dos bens, ven recoñecida no art. 81 da Lei 7/85 RBRL, facultade que se desenvolve no R.D. 1372/86 BEL no seu art.8, e polo que se require acreditación da oportunidade e legalidade da súa alteración xurídica, exposición a información pública do expediente, informe xurídico, e adopción do acordo polo Pleno do Concello co quorum de maioría absoluta (art. 22.2 Lei 7/85 RBRL).

No presente caso, acadada a autorización da administración educativa competente para a desafectación do inmovible de referencia ó servizo educativo, ó decaer dito servizo público a que viña destinada no seu día, pódese entender xustificada e motivada alteración da súa natureza xurídica.

Segundo.- O expediente someteráse a información pública durante o prazo dun mes, e polo procedemento regulamentario mediante as publicacións correspondentes no taboleiro de anuncios do concello e no boletín oficial da provincia, resultando aprobado definitivamente se no prazo outorgado non se formulan alegacións ó mesmo, e noutro caso, trala resolución que para o efecto adopte o pleno do concello art. 8.2 do RBEL.

Terceiro.- Correspondelle a Xunta de Goberno Local a competencia para a aprobación dos actos de xestión do patrimonio municipal, de acordo co disposto no art. 127.1.f) da LRBRL.

Por todo o anteriormente exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Aprobar inicialmente a alteración da natureza xurídica do local sito no nº 141 da Rúa Aragon, declarandoo desafectado ó servizo público educativo.

Segundo.- Someter, polo procedemento regulamentario, o presente expediente à información pública, durante o prazo dun mes dacordo co art. 8.2 do RBEL.

Terceiro.- O presente acordo resultará aprobado definitivamente, se transcorrido o prazo de información pública non se tiveran presentado alegacións ó mesmo, o que se acreditará mediante a correspondente certificación, que para o efecto emita a Secretaría Xeral.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(73).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A. POR OBRAS DE MELLORA DE SANEAMENTO DO CAMIÑO DE TURIDO-ALCABRE. EXPTE. 46812/250.

Examinadas as actuacións dos expedientes, visto o informes das oficina de Vías e Obras, do 11.01.06, o informe de Intervención xeral do 07.02.06 e de acordo co informe-proposta do xefe de Negociado de Contratación do 16.02.06, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a Obras y Construcciones Dios, S.A., a fianza de 1.552 €, constituída para responder das obras de mellora de saneamento do camiño de Turido-Alcabre xa que foron recibidos mediante acta de 30.06.06 por se executaren conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por trascorrer o prazo de garantía.

11(74).- RECURSO DE REPOSICIÓN DE D. XOSÉ MANUEL ROZAS PÉREZ CONTRA ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DESESTIMATORIO DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE.23/243. DESESTIMADO.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-prposta da Técnica de Admón. Xeral do Servicio de Patrimonio e contratación do 13.02.06, conformado pola xefa de área de Rexime Interior que di o seguinte:

D. José Manuel Rozas Pérez, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 14 de outubro de 2005, interpón recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno Local de data 05 de setembro de 2005, na que se desestima a reclamación de responsabilidade patrimonial por el formulada, en data 29 de decembro de 2003, con motivo dun accidente na avenida Ramiro Pascual.

Examinadas as alegacións presentadas polo reclamante, compróbase que estas non desvirtúan os fundamentos legais que motivaron a resolución do expediente administrativo con data 05/09/2005.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar o recurso de reposición interposto por D. José Manuel Rozas Pérez, mantendo firme a resolución impugnada, por non resultaren desvirtuados coas alegacións efectuadas no escrito do recurso os fundamentos legais que a motivaron ”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta cotida no precedente informe.

12(75).- RECURSO DE REPOSICIÓN DE D^a. ARACELI FERNÁNDEZ DÁVILA CONTRA ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DESESTIMATORIO DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE.155/240. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servicio de Patrimonio e contratación do 13.02.06, conformado pola xefa de área de Rexime Interior que di o seguinte:

Dna. Araceli Fernández Davila, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 09 de novembro de 2005, interpón recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno Local de data 03 de outubro de 2005, na que se desestima a reclamación de responsabilidade patrimonial por el formulada, en data 26 de abril de 2004, con motivo dunha caída na rúa Sanjurjo Badía

Examinadas as alegacións presentadas polo reclamante, compróbase que estas non desvirtúan os fundamentos legais que motivaron a resolución do expediente administrativo con data 03/10/2005.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar o recurso de reposición interposto por Dna. Araceli Fernández Davila, mantendo firme a resolución impugnada, por non resultaren desvirtuados coas alegacións efectuadas no escrito do recurso os fundamentos legais que a motivaron ”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta cotida no precedente informe.

13(76).- RECURSO DE REPOSICIÓN DE UTE ELOYMAR/TRANVÍAS ELÉCTRICOS DE VIGO CONTRA ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL ESTIMATORIO DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE.399/243. DESESTIMADO.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da Técnica de Admón. Xeral do Servicio de Patrimonio e Contratación do 16.02.06, conformado pola xefa de área de Rexime Interior que di o seguinte:

A Unión Temporal de Empresas Eloymar / Tranvías Eléctricos de Vigo, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 12 de xaneiro de 2006, interpón recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno Local de data 28 de novembro de 2005, na que se estima a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Jesús Boullosa Portela, en data 8 de novembro de 2004, con motivo dunha caída na rúa Urzáiz, declarando que a U.T.E Eloymar / Tranvías Eléctricos de Vigo debe indemnizar o Sr. Boullosa na cantidade de 3.171,84 euros.

Examinadas as alegacións presentadas polo recorrente, compróbase que estas non desvirtúan os fundamentos legais que motivaron a resolución do expediente administrativo con data 28/11/2005, que se achega ó presente informe.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar o recurso de reposición interposto pola U.T.E Eloymar / Tranvías Eléctricos de Vigo, mantendo firme a resolución impugnada, por non resultaren desvirtuados coas alegacións efectuadas no escrito do recurso os fundamentos legais que a motivaron ”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta cotida no precedente informe.

14(77).- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D^a. M^a CONCEPCIÓN MARTÍNEZ ÁLVAREZ CONTRA RESOLUCIÓN DA X.GOVERNO LOCAL DESESTIMATORIA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE.348/243. DESESTIMADO.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da Técnica de Admón. Xeral do Servicio de Patrimonio e Contratación do 16.02.06, conformado pola xefa de área de Rexime Interior que di o seguinte:

Dna. M^a Concepción Martínez Álvarez, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 20 de outubro de 2005, interpón recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno Local de data 26 de xullo de 2005, na que se desestima a reclamación de responsabilidade patrimonial por ela formulada, en data 29 de novembro de 2004, con motivo dunha caída na rúa Montero Ríos.

Examinadas as alegacións presentadas pola reclamante, compróbase que estas non desvirtúan os fundamentos legais que motivaron a resolución do expediente administrativo con data 26/07/2005, que se achega ó presente informe.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar o recurso de reposición interposto por Dna. María Concepción Martínez Álvarez, mantendo firme a resolución impugnada, por non resultaren desvirtuados coas alegacións efectuadas no escrito do recurso os fundamentos legais que a motivaron ”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta cotida no precedente informe.

15(78).- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D^a CARMEN PENA VILLAR CONTRA RESOLUCIÓN DA X.GOVERNO LOCAL ESTIMATORIA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE.76/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 16.02.06, conformado pola xefa de área de Rexime Interior que di o seguinte:

Dna. Carmen Pena Villar, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 23 de xaneiro de 2006, interpón recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno Local de data 5 de decembro de 2005, na que se estima a reclamación de responsabilidade patrimonial por ela formulada, en data 18 de febreiro de 2004, con motivo dunha caída na avenida Ramón Nieto, declarando que a U.T.E Aqualia-FCC debe indemnizala na cantidade de 962,01 euros.

Examinadas as alegacións presentadas pola reclamante, compróbase que estas non desvirtúan os fundamentos legais que motivaron a resolución do expediente administrativo con data 05/12/2005, que se achega ó presente informe.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar o recurso de reposición interposto por Dna. Carmen Pena Villar, mantendo firme a resolución impugnada, por non resultaren desvirtuados coas alegacións efectuadas no escrito do recurso os fundamentos legais que a motivaron ”.

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta cotida no precedente informe.

16(79).- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D. ROBERTO GÁNDARA CARRERA CONTRA RESOLUCIÓN DA X.GOBERNO LOCAL DESESTIMATORIA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE.15754/240. ESTIMADO.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da Técnica de Admón. Xeral do Servicio de Patrimonio e Contratación do 20.02.06, conformado pola xefa de área de Rexime Interior que di o seguinte:

Don Roberto Gándara Carrera interpón recurso de reposición, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 19 de xullo de 2005, contra a resolución da Xunta de Goberno local de data 20 de xuño de 2005 na que se acorda desestimar a súa reclamación de responsabilidade patrimonial.

O Sr. Gándara alega no seu escrito de recurso que a reclamación que interpuxo fronte a este Concello trataba dos danos materiais ocasionados ó seu vehículo por mor dun bache na Travesía de Vigo e ó comunicarlle a resolución faise referencia a unha caída a consecuencia do mal estado da rúa no Paseo de Alfonso XII.

Revisado o expediente, compróbase que efectivamente produciuse un erro material á hora de transcribir a resolución e a correspondente notificación.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Estimar o Recurso de Reposición interposto por don Roberto Gándara Carrera, en data 19 de xullo de 2005.

2º.- Retrotraer as actuacións ó momento da notificación e volver a practicar a mesma de acordo co disposto nos artigos 57 a 59 da Lei 30/1992.”

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta cotida no precedente informe.

17(80).- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR UTE ELOYMAR/TRANVÍAS ELÉCTRICOS DE VIGO CONTRA RESOLUCIÓN DA X.GOBERNO LOCAL ESTIMATORIA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE.261/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-prposta da Técnica de Admón. Xeral do Servicio de Patrimonio e contratación do 20.02.06, conformado pola xefa de área de Rexime Interior que di o seguinte:

A Unión Temporal de Empresas Eloymar / Tranvías Eléctricos de Vigo, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 13 de decembro de 2005, interpón recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno Local de data 21 de novembro de 2005, na que se estima a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Elisa Manuela Fuentes Campañó, en data 8 de xullo de 2004, con motivo dunha caída na rúa Urzáiz, declarando a responsabilidade da U.T.E Eloymar / Tranvías Eléctricos de Vigo, que debe indemnizar a Sra. Fuentes na cantidade de 1.860,90 euros.

Examinadas as alegacións presentadas polo recorrente, compróbase que estas non desvirtúan os fundamentos legais que motivaron a resolución do expediente administrativo con data 21/11/2005.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar o recurso de reposición interposto pola U.T.E Eloymar / Tranvías Eléctricos de Vigo, mantendo firme a resolución impugnada, por non resultaren desvirtuados coas alegacións efectuadas no escrito do recurso os fundamentos legais que a motivaron ”.

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta cotida no precedente informe.

18(81).- RECLAMACIÓN DE D^a. EMILIA MARTÍNEZ BERMÚDEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE.476/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-prposta da Técnica de Admón. Xeral do Servicio de Patrimonio e Contratación do 16.02.06, conformado pola xefa de área de Réxime Interior que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Emilia Martínez Bermúdez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 25 de xaneiro de 2005 no que expón que o día 26 de xuño de 2004, ó circular co vehículo de súa propiedade, con matrícula PO-4201-AP, pola rúa Progreso, colisionou cun pivote de protección de cables eléctricos en mal estado, polo que sufriu danos materiais que cuantifica en 311,99 euros.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Dilixencias a prevención por accidente de circulación instruídas pola Policía Local, da data 26 de xuño de 2004, no que os axentes actuantes, tras recoller as manifestacións da Sra. Martínez sobre o iter do accidente, sinalan como posíbel factor concorrente na produción do accidente a distracción da condutora.*
- Informe do servizo de Electromecánicos, con data 02/06/2005, no que informan que a reclamante tivo que invadir a beirarrúa para poder chocar contra o capuchón que protexía a base da columna do alumeado público.*
- Informe do Parque Móbil, de 22/06/2005, comunicando que os prezos contidos na factura nº 1214 de Electro-Auto Cangas, presentada pola reclamante, por un importe de 311,99 euros IVE incluído, son correctos.*
- Evacuase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións con data 10/08/2005.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en cualquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior; sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento xurídico encomenda á Administración local figura o de iluminación pública (artigos 25.2.1 e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local) para a prestación do cal é necesaria a utilización de determinados medios materiais, como columnas de iluminación situadas na vía pública. Ó Concello, como titular destes bens, correspóndelle o deber de vixilancia e mantemento dos mesmos, para que non poñan en risco a seguridade dos vehículos e persoas que utilizan a vía pública na que están situados, e este deber obriga a Administración a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que alteren as condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

No suposto que nos ocupa, os danos ó vehículo prodúcense por mor dunha colisión coa base dunha columna de iluminación, e consonte ó informe do servizo de electromecánicos a condutora do vehículo “tivo que invadir a beirarrúa para poder chocar contra o capuchón que estaba protexendo a base da columna da iluminación público”, extremo confirmado pola mesma á Policía Local ó manifestarlles que “orilló su vehículo a la derecha, fuera de la zona de circulación ...”. Así mesmo, os axentes fan constar no atestado como posíbel factor concorrente na produción do accidente a distracción da condutora.

A Sra. Martínez, en trámite de audiencia alega na súa defensa que no informe da Policía Local consta que o pivote presenta unhas rozaduras na súa base, o que fai supoñer que xa se atopaba roto no momento de ocorrer o accidente e conclúe que os danos débense a falta de sinalización de tal pivote. No entanto, non existen testemuñas presenciais do accidente que confirmen este extremo, o cal, en calquera caso, non excluiría a responsabilidade da condutora por invadir a beirarrúa, lugar onde se atopa a columna de iluminación. Á vista destes datos, a informante conclúe que a negligencia da vítima, ó invadir a beirarrúa, rompeu o nexo causal, impedindo vincular os danos sufridos ó funcionamento, normal ou anormal do servizo público municipal.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por Dna. Emilia Martínez Bermúdez, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade dos danos ó non resultar probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento do servizo público”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta cotida no precedente informe.

19(82).- RECLAMACIÓN DE D^a. M^a ANDREA DÁVILA SÁNCHEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE.188/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-prposta da Técnica de Admón. Xeral do Servicio de Patrimonio e contratación do 16.02.06, conformado pola xefa de área de Réxime Interior que di o seguinte:

Dna. M^a Andrea Davila Sánchez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, en nome e representación de D. Marcial Davila Vila, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 20 de maio de 2004, no que expón que aproximadamente 15 días antes, circulando co vehículo de propiedade de D. Marcial Davila Vila, matrícula OR-0473-N, pola rúa Val Miñor este rachou o palier ó introducir a roda nunha focha existente na calzada, a causa dun sumidoiro que está máis afundido que o nivel da vía.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 29/06/2004, no que manifestan que o rexistro mencionado corresponde a Saneamento.*
- Informe do servizo da Policía Local, con data 06/09/2004, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.*
- Informe da U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de augas, do 29/09/2004.*
- Práctica de proba testifical a unha das testemuñas propostas pola reclamante, con data 29/10/2004.*
- Informe do Parque Móbil, de 03/12/2004, comunicando que os prezos contidos no orzamento de Talleres Figueroa Vigo S.L., por un importe de 291,37 euros IVE incluído, son correctos e proporcionais á descrición dos danos.*
- Evacúase trámite de audiencia á concesionaria Aqualia, que formula alegacións con data 21/03/2005*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante con data 07/02/2005, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

No presente suposto, non consta acreditado no expediente o requisito esencial para poder apreciar a responsabilidade patrimonial: a efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente.

A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992). Nesta liña, o instrutor diríxese á Policía Local, por se tivese constancia do presunto accidente e cita as testemuñas propostas pola reclamante. No entanto, a Policía Local non ten constancia do mesmo e da declaración da testemuña que comparece á citación desta Administración non se deduce que o vehículo do Sr. Davila sufrira danos por mor dunha fochanca existente na calzada pois, ó ser preguntado polo instrutor se “notou algún ruído extraño ou problemas no coche nos momentos inmediatamente posteriores ó que o vehículo se introducira no afundimento” responde “no lo noté”, é dicir, non ten constancia da produción de dano ningún no vehículo como consecuencia do accidente.

A presentación dun presuposto de reparación do vehículo, de data posterior en case un mes ó accidente, tampouco demostra que os presuntos danos foran consecuencia do devandito accidente.

Á vista destes datos a informante conclúe que aínda que o día 5 de maio de 2004 non existe dúbida de que a Sra. Dávila ó circular co vehículo do seu pai notou un golpe ó pasar sobre unha fochanca, pola contra non existe proba de que por mor deste golpe o vehículo sufrira danos.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por Dna. M^a Andrea Davila Sánchez, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade dos danos ó non resultar probada a existencia dos mesmos”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta cotida no precedente informe.

20(83).- RECLAMACIÓN DE D. ENRIQUE BLANCO FRAGA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE.74/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-prposta da Técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e contratación do 16.02.06, conformado pola xefa de área de Réxime Interior que di o seguinte:

Antecedentes:

Don Enrique Blanco Fraga presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 18 de febreiro de 2004, no que expón que o día 13 de

febreiro de 2004, mentres camiñaba pola rúa Rosalía de Castro, á altura do número 32, tivo unha caída ó meter o pé nunha focha, producíndose danos de carácter físico e material.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, con data 13/02/2004, no que os axentes actúantes manifiestan que, persoados no lugar dos feitos, o Sr. Blanco relátalles que tivera unha caída na focha que se atopa á saída do aparcadoiro de Rosalía de Castro polo que tiña lastimados o pé esquerda e a cadeira do mesmo lado.
- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 17/06/2004.
- Proba testifical a testemuña proposta polo reclamante, con data 22/10/2004, que corrobora os feitos relatados polo Sr. Blanco e afirma que a súa caída tivo lugar en zona de circulación de vehículos.
- Informe do servizo de Seguridade e Circulación Viaria, con data 02/12/2004, no que manifiestan que no lugar da caída non había ningún paso de peóns, atopándose o máis cercano á altura do número 36 da rúa Rosalía de Castro.
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 1.033,91 euros.
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en 21/02/2005.

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias

danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

No presente suposto, conséntase no expediente a existencia dunha focha na calzada. Esta focha, ó estar situada na calzada, non supón un perigo para os peóns xa que a calzada non é un sitio habilitado para o tránsito de viandantes, consonte o disposto polo artigo 121 do Real Decreto 1428/2003 que aproba o Regulamento Xeral de Circulación “os peóns están obrigados a transitar pola zona peonil, salvo cando esta non exista ou non sexa practicabel”. É regra xeral esixir ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, regra esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada. A responsabilidade da administración, neste caso, vese solapada pola falta de dilixencia do reclamante, que circulaba por un sitio non habilitado para a circulación dos viandantes. É de supor, ademáis, que ó estar cruzando por un sitio destinado á circulación de vehículos o Sr. Blanco debeu extremar aínda máis a súa precaución e a súa dilixencia no control da deambulación, tal e como existe o artigo 124 do regulamento citado. Dado que a negligencia da vítima, que circulaba por una zona non habilitada para os peóns, interferiu no nexo causal, non é posíbel vincular os danos padecidos ó funcionamento, normal ou anormal do servizo público municipal, polo que esta Administración non deberá responder dos mesmos.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de don Enrique Blanco Fraga, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos ó non resultar probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento do servizo público”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta cotida no precedente informe.

21(84).- RECLAMACIÓN DE D^a. ANA MARÍA REGUEIRA CASTRO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE.98/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-prposta do xefe da Unidade de Patrimonio e contratación do 03.02.06, conformado pola xefa de área de Réxime Interior que di o seguinte:

Dona Ana María Regueira Castro presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 09 de marzo de 2004, no que expón que o día 12 de novembro de 2003, mentres camiñaba pola Vía Norte, á altura da igrexa de Fátima, tivo unha caída ó tropezar nun desnivel existente no pavimento, producíndose danos de carácter físico e material.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Parte do servizo da Policía Local, con data 12/11/2003, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, a Sra. Regueira relátalles a caída que tivera na calzada ó cruzar a Vía Norte por mor duns desniveis, debidas ás obras de asfaltado que realizaba a empresa Sercoysa; así mesmo comprobaban a existencia dos danos físicos e materiais da reclamante.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, con data 10/06/2004, manifestando que na data do accidente realizábase o fresado do pavimento da vía, sendo a obra perfectamente visíbel e evitábel pola súa magnitude e pola sinalización da mesma, cando se gardasen as dilixencias debidas; igualmente confirman que a execución das obras foi realizada pola empresa Sercoysa.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, con data 29/06/2004, manifestando que durante o fresado da rúa non hai pasos de peóns na mesma.*
- *Informe da empresa Sercoysa, Proyectos e Obras, S.A., con data 23/11/2004.*
- *Práctica de proba testifical, con data 20/01/2005, á testemuña proposta pola reclamante (D. Amado Nieto Atanes, marido da Sra. Regueira), que confirma os extremos alegados por ela.*
- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 1.785,41 euros.*
- *Evacúase trámite de audiencia á empresa Sercoysa, Proyectos e Obras, S.A., con data 25/02/2005, que non formula alegacións.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en 05/04/2006.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento Administrativo Común:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dunha empresa contratista, dado que o dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración asumido polo contratista, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano e polo tanto está obrigado a indemnizar o prexudicado, xa que a responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, á empresa contratista.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

No presente suposto, conséntase no expediente o deficiente estado da vía onde ocorreu o accidente, máis tal circunstancia non entrañaba un risco especial para os viandantes, xa que non trátase dun defecto oculto senón que toda a rúa atopábase en obras, dato perceptíbel a primeira vista pola súa magnitude e pola sinalización, tal e como manifesta o informe do Servizo de Vías e Obras, polo que era preciso extremar a precaución ó circular pola mesma. Tendo en conta que a zona en mal estado era perfectamente visíbel a distancia e se engadimos o dato de que a vítima é unha persoa, á vista dos datos que constan no expediente, carente de defectos físicos que lle puidesen impedir ou dificultar a detección do estado da vía, podemos concluir que a negligencia da vítima interfiriu no nexo causal, impedindo vincular ó funcionamento do servizo público municipal o dano padecido.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Ana María Regueira Castro por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade dos danos ó non resultar probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento do servizo público”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta cotida no precedente informe.

22(85).- RECLAMACIÓN DE D^a. M^a DEL PILAR TÁBOAS DOMÍNGUEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE.15523/240. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-prposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e contratación do 17.02.06, conformado pola xefa de área de Réxime Interior que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. María Pilar Táboas Domínguez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 25 de novembro de 2002, no que expón que o día 07 de novembro de 2002, mentres camiñaba pola rúa Pega á altura do número 16, esvarou na beirarrúa por mor do estado en que esta se atopaba (presenza de cemento, area e lodo) a causa dunhas obras que realizaba a construtora Paraxe, causándose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informes do servizo de Vías e Obras, de datas 16/12/2002 e febreiro de 2003, no que informan sobre o lugar da suposta caída da Sra. Táboas.*
- *Informe do servizo da Policía Local, con data 14/07/2005, no que informan non teren constancia dos feitos reclamados.*
- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 7.616,38 euros.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 05/10/2005.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así , a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impositivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992). Nesta liña, o instrutor dirixiuse á Policía Local, por se tiveran constancia dos feitos, dado que a reclamante non aporta ningunha testemuña presencial dos feitos. Esta límitase a aportar diversos informes médicos que proban que sufriu determinados danos, pero non demostran nin o lugar da caída nin a causa da mesma, polo que a informante conclúe que a reclamante non

probou suficientemente os feitos nos que basea a súa reclamación e a súa conexión causal co funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público desta Administración.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. María Pilar Táboas Domínguez por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexa de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta cotida no precedente informe.

23(86).- RECLAMACIÓN DE D^a. PAULINA RODRÍGUEZ GARCÍA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE.185/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-prposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación do 17.02.06, conformado pola xefa de área de Rexime Interior que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Paulina Rodríguez García presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 18 de maio de 2004, no que expón que o día 15 de maio de 2004, mentres camiñaba pola rúa Burgos, á altura do número 36, sufriu unha caída por mor da existencia de desperfectos na vía, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 12/11/2004, no que manifestan que no lugar do accidente realizaouse unha reparación na beirarrúa, posibelmente por mor dunha avería na conexión da baixante do tellado de recollida de augas.*
- Parte do servizo da Policía Local, con data 19/05/2004, no que os axentes actuantes comprobaban a existencia no lugar do accidente da Sra. Rodríguez a existencia dunha focha na beirarrúa, debida á falta de varias baldosas, que pode representar un perigo para a circulación dos peóns.*
- Práctica de proba testifical ás testemuñas propostas pola reclamante, con data 15/02/2005, que confirman os extremos alegados pola Sra. Rodríguez.*
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 2.687,35 euros.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 25/04/2005, no que manifestan que descoñecen quen realizou a reparación da beirarrúa.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante con data 06/07/2005, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en cualquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de

forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

No presente suposto, conséntase no expediente o deficiente estado da beirarrúa. Tal circunstancia, en principio, non entraña un risco especial para os viandantes, xa que non se trata dun defecto oculto, segundo as testemuñas presenciais do accidente, que ó ser preguntadas polo instructor sobre sí había algún defecto na rúa e a que distancia podía apreciarse manifestan, respectivamente, “un agujero, se veía bien sobre cinco metros” (testemuña nº 1) e “un agujero grande, la zona deteriorada se ve sobre unos dos o tres metros” (testemuñas nº2). Se ademáis temos en conta que Sra. Rodríguez vive na rúa Burgos, no nº 36, e que a caída aconteceu nesta rúa, á altura do nº 30, é dicir, a escasos metros da súa vivenda, e que unha das testemuñas manifesta que “el agujero lleva mucho tiempo allí”, é presumíbel que coñecese a súa existencia, ademáis, a reclamante, á vista dos datos obrantes no expediente, é unha persoa de mediana idade, carente de defectos físicos que lle impedísen detectar a existencia do mencionado obstáculo, podemos concluir que a negligencia da vítima, co seu defectuoso control da propia deambulación, interferiu no nexo causal, impedindo vincular os danos padecidos ó funcionamento, normal ou anormal de ningún servizo público municipal.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Paulina Rodríguez García por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexa de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta cotida no precedente informe.

24(87).- RECLAMACIÓN DE D. ROBERTO PAZÓS PRIETODE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE.216/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-prposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación do 17.02.06, conformado pola xefa de área de Rexime Interior que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Roberto Pazos Prieto presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 10 de xuño de 2004, no que expón que o día 31 de decembro de 2003, ó circular pola rúa Ruibó co vehículo de súa propiedade, matrícula PO-0869-BK, tivo un accidente ó atopar unha focha sen sinalizar na calzada, producíndose danos materiais ó vehículo valorados en 136,99 euros.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Parte da Policía Local, con data 31/12/2003, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, o Sr. Pazos relátalles que introducira o vehículo nunha focha sen sinalizar producíndose danos; manifestan así mesmo que a focha posibelmente producírase por unha obra realizada por Aqualia e comprobán os danos no vehículo do Sr. Pazos.*
- *Informe do sevizo de Vías e Obras, con data 04/01/2005, no que informan que no lugar do accidente existe unha reposición de pavimento, posibelmente consecuencia dalgunha reparación efectuada por Aqualia.*
- *Evacuase trámite de audiencia á empresa concesionaria do servizo de abastecemento, U.T.E. Aqualia-FCC, que formula alegacións en data 21/06/2005.*
- *Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións con data 04/04/2005.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en cualquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así , a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A carga da proba da existencia dun dano avaliabel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impositivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992).

Sobre esta base, e á vista do expediente, pode constatarase que a Policía Local acudiu ó lugar dos feitos con posterioridade ó momento de ter acontecido o accidente, polo que os axentes actuantes non foron testemuñas oculares do mesmo e aínda que poden acreditar que o vehículo do Sr. Pazos presentaba determinados danos, e da existencia dunha focha na calzada, no entanto, non poden dar fe de que a causa dos danos sufridos polo vehículo fora a existencia desta focha na calzada, e non existe ningunha testemuña presencial do presunto accidente que poida acreditar este extremo. Hemos de concluír que, se ben non existe dúbida de que o reclamante sufriu danos no seu vehículo, pola contra, non existe proba ningunha que permita vincular os mesmos ó funcionamento, normal ou anormal de ningún servizo público desta Administración.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de D. Roberto Pazos Prieto por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta cotida no precedente informe.

25(88).- RECLAMACIÓN DE D^a. AMPARO DEL CARMEN VIDAL NEGRIRA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE.226/243.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-prposta da técnica de Admón. Xeral do Servicio de Patrimonio e Contratación do 17.02.06, conformado pola xefa de área de Rexime Interior que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. María Amparo del Carmen Vidal Negreira presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 16 de xuño de 2004, no que expón que este mesmo día, mentres camiñaba pola rúa Estornino, á altura do número 14, sufriu unha caída por mor dunha baldosa que cedeu ó ser pisada, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, con data 16/06/2004, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, a Sra. Vidal relátalles o accidente que tivera; así mesmo comprobán os desperfectos da vía e indican que se presentou un responsábel da concesionaria Aqualia que se fixo cargo do tema.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 15/11/2004, indicando que debe pedirse informe á U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de augas.*
- Informe da concesionaria Aqualia-FCC, con data 26/01/2005.*
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 370,08 euros.*
- Evacúase trámite de audiencia á concesionaria U.T.E. Aqualia-FCC, que formula alegacións con data 07/06/2005.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, con data 12/05/2005, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en cualquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do

servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dun concesionario.

O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano e polo tanto está obrigado a indemnizar ó prexudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así , a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992). Nesta liña, o instrutor dirixiuse á Policía Local, por se tiveran constancia dos feitos, dado que a reclamante non aporta ningunha testemuña presencial dos feitos, no entanto, no Parte do servizo da Policía Local, os axentes actuantes limítanse a recoller as manifestacións da Sra. Vidal sobre o accidente, pero non presenciaron directamente a mesma, polo que non poden determinar cal foi a causa eficiente da caída da reclamante.

A Sra. Vidal límitase a aportar un informe médico que proban que sufriu determinados danos, pero non demostran nin o lugar da caída nin a causa da mesma, polo que a informante conclúe que a reclamante non probou suficientemente os feitos nos que basea a súa reclamación e a súa conexión causal co funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público desta Administración.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. María Amparo del Carmen Vidal Negreira por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta cotida no precedente informe.

26(89).- RECLAMACIÓN DE D^a JOSEFA BALLESTEROS PRADA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE.296/243. DESESTINADA

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-prposta da técnica de Admón. Xeral do Servicio de Patrimonio e Contratación do 17.02.06, conformado pola xefa de área de Rexime Interior que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Josefa Ballesteros Prada presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 13 de agosto de 2004, no que expón que o día 10 de agosto de 2004, mentres camiñaba pola rúa Tomás Paredes, á altura da cafetería Manhattan, tivo unha caída nun rexistro relacionado coa regularización de semáforos, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Seguridade e Circulación Viaria, con data 19/10/2004, no que manifestan que con data 03/09/2004 detectouse a rotura dunha tapa de arqueta da rede semafórica e que procederon á súa reparación, non podendo precisar desde cando esta se atopaba nesta situación.*
- Parte do servizo da Policía Local, con data 20/08/2004, no que os axentes actuantes comprobán a existencia da arqueta semafórica totalmente rota que ocasionaba perigo para os viandantes debendo ser reparada á maior brevidade posíbel.*
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 620,23 euros.*
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, con data 18/02/2005, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así , a Administración ten o deber

ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impositivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992). Nesta liña, o instrutor dirixiuse á Policía Local, por se tiveran constancia dos feitos, dado que a reclamante non aporta ningunha testemuña presencial dos feitos., resultando que se ben teñen constancia da existencia dunha arqueta da rede semaforica en mal estado (circunstancia confirmada polo servizo de Mobilidade e Seguridade), non teñen constancia da caída da Sra. Ballesteros. Esta límitase a achegar diversos informes médicos que proban que sufriu determinados danos, pero non demostran nin o lugar da caída nin a causa da mesma, polo que a informante conclúe que a reclamante non probou suficientemente os feitos nos que basea a súa reclamación e a súa conexión causal co funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público desta Administración.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Josefa Ballesteros Prada por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta cotida no precedente informe.

27(90).- RECLAMACIÓN DE D. ENRIQUE GARRIDO DACUÑA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE.435/243. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-prposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación do 17.02.06, conformado pola xefa de área de Rexime Interior que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Enrique Garrido Dacuña presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 14 de decembro de 2004, no que expón que o día 30 de novembro de 2004, circulando pola rúa Colón, cruce coa rúa Marqués de Valladares, co vehículo propiedade do seu pai falecido, D. Enrique Garrido González, matrícula PO-4842-AB, tivo un accidente por mor dunha tapa de sumidoiro que fora desprazada polas fortes choivas, que golpeou os baixos do vehículo, producíndose danos materiais.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo da Policía Local, con data 27/12/2004, que afirman non teren constancia do accidente sufrido polo Sr. Garrido mais si dun accidente similar (mesmos lugar, día e motivo) con outro vehículo.
- Informe do servizo de Parque Móbil, 20/01/2005, manifestando que os prezos contidos na factura nº 04/0375 de Talleres Rodanova, S.L. por un valor de 110,78 euros son correctos e proporcionais á descrición dos danos.
- Práctica de proba testifical, con data 19/04/2005, á testemuña proposta polo reclamante, que confirma os feitos alegados polo Sr. Garrido Dacuña.
- Evacúase trámite de audiencia á empresa concesionaria do servizo de abastecemento, U.T.E. Aqualia-FCC, que formula alegacións en data 16/04/2005.
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, en data 12/05/2005, que non formula alegacións.

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dun concesionario.

O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó perxudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.l 1 e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

A responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, a empresa concesionaria. A vista da documentación obrante no expediente, existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade polos danos que

motivan a reclamación, pode ser imputada á empresa Aqualia, na súa calidade de concesionaria do servizo municipal de augas, xa que o accidente produciuse debido á existencia dunha arqueta destapada, tal e como declara a testemuña presencial dos feitos.

O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece no artigo 26 que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento, e os artigos 128.1 3º do Decreto de 17 de junio de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de diciembre de 1954, de Expropiación Forzosa impoñen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludible, e consonte o artigo 123 da mesma lei “Cando se trate de servizos concedidos, a reclamación dirixirase á Administración que otorgou a concesión, na forma prevista no párrafo segundo do artigo 122, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quén debe pagala, de acordo co párrafo segundo do artículo 121.

Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso”.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º. Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Enrique Garrido Dacuña.

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á U.T.E. Aqualia-FCC S.A., empresa concesionaria do servizo municipal de augas, de conformidade co establecido no artigo 26 do prego de condicións da concesión administrativa do servizo de xestión integral do abastecemento de auga e do Concello de Vigo, debendo a dita empresa indemnizar á reclamante na contía de 110,78 euros, correspondentes ó valor de reparación do seu vehículo”.

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta cotida no precedente informe.

28(91).- RECLAMACIÓN DE D. ALBERTO BOLÍBAR MACÍAS DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 709/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación do 17.02.06, conformado pola xefa de área de Rexime Interior que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Alberto Bolívar Macías presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 03 de agosto de 2005 no que expón que o día 11 de agosto de 2005, D. Luís Bolívar Chinchilla circulaba co vehículo de propiedade de D. Alberto Bolívar, con matrícula PO-2140-AJ, polo paseo que hai diante do Real Club Náutico de Vigo, e colisionou co bordo dunha pedra na calzada, ó ter a visibilidade reducida polas fortes choivas caídas, causándose danos materiais no vehículo.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do Inventario municipal, con data 14/09/2005, indicando que o Concello é responsábel da conservación e mantemento do lugar onde ocorreu o accidente.
- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 27/09/2005, manifestando que os bordos de pedra serven para delimitar a zona de circulación de vehículos.
- Informe do Parque Móbil, de 11/10/2005, comunicando que os prezos contidos na factura nº 146 de Talleres Sprint Motor, presentada polo reclamante, por un importe de 2.397,89 euros IVE incluído, son correctos.
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, con data 20/10/2005, que non formula alegacións.

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así , a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

No entanto, no presente suposto, a vía está en perfecto estado de conservación e o accidente prodúcese ó colisionar o vehículo cun pivote que delimitaba a zona de rodadura dos vehículos da zona peonil. Consonte o artigo 14 do Real Decreto Lexislativo 339/1990, de 2 de marzo, polo que se aproba o Texto Articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, os condutores de automóviles teñen a obriga de circular pola calzada, polo que se o conductor se saíu da calzada e colisionou cun elemento alleo á mesma, a manobra puido deberse a un despiste ou a unha falla de atención na conducción, con infracción do artigo 9 da devandita lei, non sendo imputábel o dano padecido a esta Administración , ó non existir relación de causalidade entre os danos e o funcionamento, normal ou anormal de ningún servizo público municipal.

Aínda que o Sr. Bolívar propuxo a práctica de proba testemuñal perante a instrución do presente expediente, o instrutor estimou innecesaria a práctica da mesma, posto que non se pon en dúbida nin a realidade dos danos nin que os danos se deberon á colisión co pivote.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Alberto Bolívar Macías por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta cotida no precedente informe.

29(92).- DAR CONTA DE SENTENCIAS DO XULGADO DO SOCIAL E DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA. EXPTE. 16276/220.

Con data 22.02.06 a xefa da Unidade de Persoal emite informe dando conta á Xunta de Goberno local das seguintes sentenzas:

Sentencia 457/05, do Xulgado do Social núm. 3, dos de Vigo.

Dase conta da sentenza núm. 457/05, do Xulgado do Social núm. 3, dos de Vigo, de data 10 de outubro de 2005, recaída no procedemento núm. 389/2005, sobre reclamación de cantidades, interposto por D. Alvaro Cruces González, contra o concello de Vigo.

A sentenza, desestima íntegramente a demanda interposta por D. Alvaro Cruces González, que prestou servizos neste concello coa categoría de oficial de 1ª canteiro, con contrato de inserción, de conformidade co Acordo Marco que subscribiron o concello e as centrais sindicais para a regulación das condicións socio-laborais das contratacións 2004-07.

Faise saber ás partes que contra esta sentenza cabe recurso de suplicación perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de cinco días.

Sentencia da Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, recaída no recurso de suplicación 1169/03

O concello de Vigo presentou demanda perante o Xulgado do Social, en reclamación de alta/baixa na Seguridade Social, contra a Tesourería Xeral da Seguridade Social e Dª Cristina Gómez García, téndose dictado sentenza polo dito Xulgado, con data 21 de xaneiro de 2003, estimando a demanda interposta, revocando, polo tanto, a resolución adoptada no seu día pola Tesourería da S. S., pola que se practicou a alta de oficio de Dª Cristina Gómez García no réxime xeral por conta do Concello, condenando ós dous demandados.

Recurrida a Sentencia pola Tesorería Xeral da S.S. o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia confirma a resolución administrativa impugnada.

Sentencia núm. 545/2005 do Xulgado do Social núm. 2, dos de Vigo.

Dase conta da sentenza núm. 545/05, do Xulgado do Social núm. 2, dos de Vigo, de data 3 de novembro de 2005, recaída en autos 684/2005, sobre reclamación de cantidades, interposto por D. José Bergés Rodríguez, contra o concello de Vigo.

A sentenza, desestima íntegramente a demanda interposta por D. José Bergés Rodríguez, que prestou servizos neste concello, con contrato de inserción, de conformidade co Acordo Marco que subscribiron o concello e as centrais sindicais para a regulación das condicións socio-laborais das contratacións 2004-07.

Faise saber ás partes que contra esta sentenza cabe recurso de suplicación perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de cinco días.

Sentencia núm. 536/2005 do Xulgado do Social núm. 3, dos de Vigo,

Dase conta da sentenza núm. 545/05, do Xulgado do Social núm. 3, dos de Vigo, de data 8 de novembro de 2005, recaída no procedemento núm. 445/2005, interposto por D. Marcial Garcinuño Sáez, sobre accidente de traballo, contra o concello de Vigo, o Instituto Nacional da Seguridade Social, Mutua Galega de Accidentes de Traballo, Mutua FREMAP e a Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Con data 9 de outubro de 2002, o citado Xulgado dictou Sentencia desestimando a demanda interposta, interpoñendo o reclamante recurso de suplicación perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, quen con data 1 de xullo de 2005 dictou Sentencia decretando a nulidade da Sentencia recurrida instando se dictada nova resolución e resolver cerca da cuestión de fondo.

Na presente Sentencia estímase a demanda de D. Marcial Garcinuño Sáez e o declara en situación de Invalidez Permanente Absoluta, derivada de accidente de traballo, condenando á Mutua Galega de Accidentes de Traballo, á correspondente capitalización para o abono dunha pensión do 100% da súa base reguladora, coa responsabilidade legal establecida da Tesourería Xeral da Seguridade Social e responsabilidade subsidiaria do Instituto Nacional da Seguridade Social, absolvendo ó concello de Vigo e á Mutua FREMAP.

Faise saber ás partes que contra esta sentenza cabe recurso de suplicación perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de cinco días.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

30(93).- DAR CONTA RESOLUCIÓN SOBRE REDUCCIÓN DE XORNADA POR RAZÓN DE GARDA LEGAL, DE D^a ANGÉLICA RODRÍGUEZ BERTOMEU. EXPTE. 16221/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da resolución do concelleiro de Persoal, do 27.01.06, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

Autoriza-la redución de xornada en hora e media solicitada por Dona Angélica Rodríguez Bertomeu, número de persoal 22036, con posto de Xefa de Negociado de EUI-IAE, adscrita ao Servizo de Administración de Tributos, coa correspondente redución proporcional de retribucións, de conformidade co previsto no artigo 11. c) do vixente Acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ó servizo do Concello de Vigo, co que pasará a realizar o seguinte horario de 9,15 a 15,00 horas polo coidado dun fillo menor de 6 anos.

A presente redución de xornada rematará o día 31 de maio, consonte coa solicitude da interesada, a cal deberá acreditar, con anterioridade ó seu inicio, a relación de garda legal que ostenta sobre o menor, mediante copia auténtica do libro de familia, certificación do rexistro civil, resolución xudicial ou calquera outro documento público que de fe de dita situación.”

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

31(94).- DAR CONTA RESOLUCIÓN ALCALDÍA DE DATA 24.01.06, SOBRE RECOÑECIMENTO DE ANTIGÜIDADE Ó CONCELEIRO D. XABIER TOBA GIRÓN. EXPTE.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 23.01.05, que di o seguinte:

Con data 3 de xaneiro de 2006 o concelleiro do grupo municipal BNG, don Xabier M^a Toba Girón comparece nesta Unidade de Persoal para manifestar que recibiu resolución da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia de data 12 de decembro de 2005 na que se resolve ordenar a baixa na nómina de retribucións correspondente os trienios que viña percibindo como funcionario do grupo A de profesor de ensino secundario, con efectos económicos de 1 de xaneiro de 2006.

Segundo certificación do delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, de data 13 de xaneiro de 2006, o dito concelleiro ten recoñecidos catro trienios do grupo A, cumpríndose o día 09.10.2007 o quinto trienio.

Á vista do que antecede, a funcionaria que subscribe

Informa:

De conformidade co disposto no artº 8.1. do Real Decreto 365/95, de situacións administrativas dos funcionarios da Administración civil do Estado, en concordancia co artº 5 do Decreto autonómico 92/91, de 20 de marzo da Xunta de Galicia, os funcionarios en situación de servizos especiais percibirán as retribucións do posto ou cargo efectivo que desempeñen. Nembargantes a propia norma dispón como excepcionalidade, a posibilidade de seguir retribuindo os trienios recoñecidos, con cargo ós orzamentos da Administración onde presten os seus servizos, ou noutro caso, con cargo ós orzamentos do Departamento onde desempeñaba o seu último posto de traballo.

Asemade, por resolución do Pleno do Concello de 28 de marzo de 1996, acordouse “que os concelleiros en réxime de dedicación exclusiva que teñan a súa vez a condición de funcionarios en situación de servizos especiais, percibirán o importe da antigüidade que teñan recoñecida na praza na que figuraban en servizo activo, coas actualizacións que procedan”.

Dos datos obrantes no expediente, constátase que a data de percepción do quinto trienio sería 09.10.2007.

De conformidade co disposto na disposición adicional 1ª da lei 70/78, o recoñecemento dos servizos previos terá lugar a instancia de parte, polo que os efectos económicos e administrativos non deberán retrotraerse máis aló do momento da solicitude feita polo interesado.

Por todo iso, sométese a consideración da Concellería-delegada de xestión municipal, por delegación da Il.ª Sra. Alcaldesa (decreto de delegación de competencias 17 de novembro de 2003), a seguinte proposta de resolución:

“Recoñecer e aboar o concelleiro do grupo municipal BNG, don Xabier Mª Toba Girón, un total de catro trienios correspondentes ó grupo A de titulación, con efectos económicos e administrativos dende o 1 de xaneiro de 2006, establecéndose como data de percepción do quinto trienio o 9.10.2007.

Dese traslado desta resolución á Xunta de Goberno Local, na vindeira sesión que se celebre”.

O concelleiro delegado de Persoal, con data 24.01.06 resolve de conformidade co mesmo.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

32(95).- DAR CONTA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, DE DATA 14.02.06, SOBRE TRASLADO PROVISIONAL DA TÉCNICA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, Dª MARÍA DAPENA GÓMEZ, Á UNIDADE DE PERSOAL. EXPTE. 16206/220.

Dáse conta do decreto de Alcaldía de data 14.02.06, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

Considerando a situación da Unidade de Persoal na que figura vacante o posto 016 – Xefe/a da Unidade de Persoal (Xefe de Servizo), pertecente o grupo A de titulación, escala admon xeral, cun nivel de complemento de destino 28 e complemento específico 6, dende pasado día 30 de abril de 2005 por excedencia concedida o funcionario que o viña desempeñando, resulta preciso, por razóns eminentemente organizativas e funcionais, proceder á inmediata cobertura do devandito posto de traballo con funcionario/a de carreira desta administración encadrado na escala técnica de administración xeral, para que dito Servizo poda desenvolver as funcións que ten encomendadas.

Tendo en conta carácter discrecional que reviste o nomeamento no devandito posto de traballo, previsto na súa forma de provisión polo procedemento de libre designación (artigo 58 do RD 364/95, de 10 de marzo), tal e como se recolle na Relación de Postos de Traballo, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 30 de maio de 2005 e sen prexuízo da súa cobertura definitiva, enténdese necesario proceder á adscripción provisional dun funcionario/a municipal para garanti-la debida continuidade no desempeño das funcións do referido posto.

A vista das facultades organizativas atribuídas a Alcaldía-Presidencia no artigo 124-4 da lei Reguladora de Bases de Réxime Local, na súa redacción conferida pola lei 57/2003 de 16 de decembro, de Medidas para a modernización do Goberno Local, no que se lles reservan a a este órgano as máximas competencias en orde o establecemento da organización e estrutura da Admon municipal executiva así como a superior dirección do persoal municipal, así como o art 61 da lei autonómica 5/97, de 22 de xullo, de réxime local de Galicia, e o artigo 6 do acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ó servizo do Concello de Vigo, aprobado en sesión plenaria de 28 de decembro de 1998),

Vistos os artigos 20.1.da Lei 30/84 de medidas para a reforma da función pública, así como ó disposto nos artigos 58.2, 36.3 e 63 do RD 364/95, de 10 de marzo, que permite a adscripción provisional a postos de traballo desta natureza

RESOLVO :

Primeiro

Adscribir provisoriamente á Técnica de administración xeral Sra. D^a. Maria Dapena Gomez (N^o. Persoal 79369), ao posto n^o. 16. - Xefa da Unidade de persoal - previsto na súa forma de cobertura por Libre Designación, cesando en consecuencia no posto de traballo n^o. 46, tecnico de Admon Xeral, do Servizo 400 Xefatura Xerencia de Urbanismo, ao que actualmente se atopa provisionalmente adscrita .

Segundo:

Dése traslado desta resolución ós interesados, ós Concelleiros das áreas afectadas, á Unidade de persoal, á Intervención municipal, así como ao Comité de persoal.

Terceiro :

Os interesados poderán presentar alegacións no prazo de cinco días hábiles a contar dende a recepción desta Resolución. Transcorrido o prazo sen que se presente as correspondentes alegacións, ou de seren presentadas, de non estimarse no prazo de dez días hábiles seguintes á súa presentación, poderán entenderse desestimadas, resultando firme o presente Decreto.

Contra esta Resolución poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición perante a Alcaldía Presidencia no prazo dun mes, a contar dende o día que alcance firmeza, ou recurso contencioso administrativo perante o xulgado do contencioso administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, tamén dende que alcance firmeza a resolución.

O recurso de reposición entenderase desestimado se transcorre un mes sen ser contestado. Neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o xulgado do contencioso administrativo de Vigo, no prazo de seis meses, a contar dende a data en que se produza o efecto desestimatorio do silencio.

Se o recurso de reposición resulta contestado expresamente, o prazo para a interposición do contencioso administrativo será de dous meses a contar dende a notificación da súa resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

33(96).- DAR CONTA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 8.02.06, SOBRE TRASLADO DE D^a ANA CARDOSO ALFONSO Á OFICINA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ. EXPTE. 16235/220.

Dáse conta do decreto de Alcaldía de data 8.02.06, sobre o asuntos de referencia, que di o seguinte:

Con data 24 de xaneiro de 2006 , e a petición propia, a auxiliar administrativa, D^a. Ana Cardoso Alfonso, núm. Persoal 18715, adscrita na actualidade a Servizo municipal de Drogodependencias CEDRO , solicitou o seu traslado por motivos de saúde.

Tendo en conta as reiteradas peticións do Xefe de Participacion e Atencion Cidada cidada da necesidade de reforzar o Servizo de Informacion Presencial do referido Servizo, e habendo participado en reiteradas ocasións a Unidade de Persoal a necesidade de cubrición da praza da auxiliar administrativo vacante no Servizo.

A vista das facultades organizativas atribuídas a Alcaldía-Presidencia no artigo 124-4 da lei Reguladora de Bases de rexime Local, na súa redacción conferida pola lei 57/2003 de 16 de decembro, de

Medidas para a modernización do Goberno Local, no que se lles reservan a a este organo as maximas competencias en orde o establecemento da organización e estrutura da Admon municipal exeutiva asi cmo a superior dirección do persoal Municipal, como o recollido no art 61 da lei autonómica 5/97, de 22 de xullo, de réxime local de Galicia, e 6 do acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ó servizo do Concello de Vigo, aprobado en sesión plenaria de 28 de decembro de 1998),

Visto o artigo 36 da lei 14/00, de 29 de decembro, que modifica o artigo 20 da lei 30/84, de medidas para a reforma da función pública, onde se prevé expresamente a posibilidade de trasladar ós funcionarios por necesidades do servizo a outras unidades ou departamentos respetando as súas retribucións e condicións esenciais de traballo, así como o disposto no artigo 61 do RD 364/95, de 10 de marzo, que permite o cambio de adscripción interdepartamental dos postos de traballo non singularizados e dos seus titulares cando as necesidades do servizo así o demanden,

RESOLVO :

Primeiro.-

Acorda-lo cambio de adscripción da funcionaria D^a. Ana Cardoso Alfonso, núm. Persoal 18715, auxiliar de administración xeral, con posto base de igual denominación, adscrita actualmente no Servizo municipal de Drogodependencias CEDRO, cód.315 , readscríbese ó Servizo de Participacion Cidada, cód. 320, co mesmo posto de traballo.

Segundo.-

Da presente Resolución dese traslado á interesada, xefes dos servizos e concelleiros-delegados da áreas afectadas, Unidade de persoal, Organización e metodos, Intervención Xeral, así como ó Comité de persoal.

Asimesmo, o traslado que orixina o referido cambio de adscripción, deberá ser incorporado pola Unidade de Persoal na vindeira Relación de Postos de Traballo.

A interesada poderá presentar alegacións no prazo de cinco días hábiles a contar dende a recepción desta resolución. Transcorrido o prazo sen que se presente a correspondente alegación, ou de ser presentada, de non estimarse no prazo de dez días hábiles seguintes a súa presentación, poderán entenderse desestimadas, resultando firme o presente Decreto.

Contra esta Resolución poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición perante a alcaldía-presidencia no prazo dun mes, a contar dende o día que alcance firmeza, ou recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, tamén dende que alcance firmeza a resolución.

O recurso de reposición entenderase desestimado se transcorre un mes sen ser contestado. Neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso administrativo de Vigo, no prazo de seis meses, a contar dende a data en que se produza o efecto desestimatorio do silencio.

Se o recurso de reposición resulta contestado expresamente, o prazo para a interposición do contencioso-administrativo será de dous meses a contar dende a notificación da súa resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

